




MIRADOIRO DA MIRANDA

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro2018



Distancia: 8 ou 9,5 km (lineais)
Dificultade: media



A Miranda desde o porto de Cariño

Balcón á ría de Ortigueira

O miradoiro da Miranda atópase a carón do cume do Penido do Frade, nas estribacións cara ao leste da serra da Capelada, é un punto que pola súa especial situación permite a observación e o goce de amplas panorámicas.

Un punto de visita obrigada para calquera que se achegue á vila de Cariño. Un espectacular balcón a case 500 m de altura e unha caída de forte desnivel sobre o litoral, que abrangue a vila de Cariño e a súa contorna, toda a liña de costa ata a Estaca de Bares, incluídos case todos os recantos e reviravoltas da ría de Ortigueira -un espazo que polas súas particulares características e a súa situación estratéxica nas liñas de paso dos bandos de aves migratorias (é un dos primeiros lugares nos que atopan condicións axeitadas para o repouso e a alimentación despois de faceren a travesía do mar desde o norte de Europa) está protexida como Humidal Ramsar, ZEPA e LIC/ZEC-; e unha panorámica dos altos e da cara leste da serra da Capelada.

Vista da Ría de Ortigueira



PERCORRIDO

Ao miradoiro podemos acceder a pé, en bicicleta, aínda que as pendentes pola parte de Landoi son para poñer a proba a capacidade de escalada, ou en vehículo de motor, por dous camiños: o principal, sinalizado, saíndo de Cariño pola estrada que vai ao Santo André de Teixido, a uns 5 km, atopamos un cruzamento con varios sinais que nos leva pola dereita aos cantís e ao miradoiro do Limo e pola esquerda, en 4,5 km, á Miranda; ou saíndo de Cariño cara a Ortigueira, pasado Sismundi, hai un desvío á dereita que vai a Landoi e meténdonos nel uns 500 m, en Cabanán, atopamos outro desvío á dereita que, por unha estrada estreita e encosta con fortes pendentes, nos conduce, en 3 km, ao pequeno espazo que hai para aparcar ao pé do acceso ao miradoiro. Desde ahí só nos faltan uns 100 m de camiñada por un trazado ben acondicionado para descubrir, case de súpeto, ao pé das antenas de telefonía, unha panorámica de impresión.



Enseada do Esteiro e punta Fornelos



A ría de Ortigueira co monte Mazanteo no primeiro plano



A Miranda ao pé do Penido do Frade, coa ría de Ortigueira



Ortigueira



Praias de Ortigueira. No primeiro plano o esteiro do Lourido e as puntas do Frade e de Sismundi.